

II. AUTORIDADES E PERSOAL

B) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 7 de novembro de 2011 pola que se modifica a Orde do 7 de febreiro de 2008 pola que se fai pública a composición do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Pola Orde do 7 de febreiro de 2008 (DOG do 25 de febreiro) fíxose pública a composición do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Segundo a Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, formarán parte do consello social, entre outros, os membros designados polas corporacións dos concellos nos que se localizan os campus e cesarán por decisión da autoridade, entidade ou institución que os designase. O artigo 7.4 establece que os acordos de designación de membros do consello social seranlle comunicados ao conselleiro competente en materia universitaria, quen procederá ao seu nomeamento mediante orde da súa consellería.

O parágrafo 2 do artigo 10 da citada Lei 1/2003, sinala que as vacantes deberán cubrirse pola autoridade, entidade ou institución correspondente no prazo máximo de 3 meses. De non comunicárselle o acordo de designación dentro de devandito prazo ao conselleiro competente en materia universitaria, o posto permanecerá vacante deica a finalización do correspondente mandato. En todo caso, o membro substituído entenderase nomeado polo período que reste do mandato.

Con data do 2 de novembro de 2011 tivo entrada na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria escrito do presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, ao que se xunta copia do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, polo que se designa a Ángel Benito Currás Fernández como representante do Concello de Santiago de Compostela no Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela en substitución de Mercedes Rosón Ferreiro. O consello social achega tamén a declaración de incompatibi-

lidade de Ángel Benito Currás Fernández, establecida no artigo 12 da Lei 1/2003, do 9 de maio.

Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo único.

Nomear a Ángel Benito Currás Fernández, designado polo Concello de Santiago de Compostela, como representante no Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, en substitución de Mercedes Rosón Ferreiro.

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2011.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria